

16



## Ollos abertos

### Asociacións varias

Na nosa sociedade creáronse moitas asociacións. Cada unha téñ un fin determinado.

É posible que ti coñezas algunhas destas asociacións:

- |                              |   |
|------------------------------|---|
| 1 Cruz Vermella              | 9 Federación de Atletismo                 |
| 2 Asociación de veciños      | 10 Mans Unidas                            |
| 3 Comunidade de propietarios | 11 Asociación de pais                     |
| 4 Asociación de profesores   | 12 Colexio de avogados                    |
| 5 Colexio de médicos         | 13 Asociación de alumnos                  |
| 6 Cáritas                    | 14 Organizacións Non Governamentais (ONG) |
| 7 Comisión de festas         | 15 Club de pesca                          |
| 8 Club de fútbol             |   |

► Clasifica estas asociacións segundo o tipo do que sexan.

– Sinala só o número que teñen

Educativas	Benéficas	Profesionais	Deportivas	Veciñais

– Podes poñer outras asociacións que coñezas



## Mirada penetrante

### Actitudes dos socios

Para ser socio dunha organización, club..., non é suficiente estar anotado ou ter un carné. Requírese algo máis.

Os membros dunha asociación distínguense polas actitudes e comportamentos que teñen ante ela.

### Actitudes

- Apreciar a organización e sentirse contentos de pertencer a ela.
- Desexar que funcione ben, que todos se entendan e traballen unidos.
- Participar soamente naquelas actividades que agradan.
- Querer ben aos que pertencen á organización e colaborar con eles.
- Criticar o que funciona mal, creando desunión entre os membros.
- Participar en todas as tarefas con ilusión e esforzo.
- Desentenderse do grupo, buscando só o seu propio beneficio.
- Achegar ideas e suxestións que axuden a que todo marche ben.
- Deixar todo en mans dos responsables, sen propoñer solucións concretas.
- Estar sempre dispostos a colaborar en todo o que se lles pida.

A	I
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

► Pensa nalgũa asociación á que pertences

- Le as actitudes do cadro anterior
- Sinala as que son adecuadas (A) e as que son inadecuadas (I)



## Oídos atentos

### A Igrexa, o pobo da Nova Alianza

A Igrexa nace de Deus. Dende sempre, El non quixo salvar aos homes illadamente senón unidos nun pobo.

#### 1 ■ Cristo realiza a Nova Alianza

Deus estableceu unha alianza co pobo de Israel pero o pobo non foi fiel a ela. Por iso Deus prometeu realizar unha nova e definitiva alianza.

Cristo coa súa morte e resurrección estableceu a Nova Alianza entre Deus e os homes. Así nel, Deus cumpre de xeito definitivo as súas promesas e comeza a Nova Alianza.



- Ao chamarlle Deus nova a esta alianza, deixou anticuada a primeira. (Heb 8,13)
- Pois todas as promesas de Deus se cumpriron en Cristo. (2 Cor 1,20)
- Cristo é mediador dunha nova alianza. (Heb 9,15)

► Ordena as seguintes palabras nunha frase e escríbea:

Coa - Nova Alianza - e - os - comunión - Cristo - unha -  
comeza - plena - Deus - entre - homes.

Coa \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ homes.

## ■ 2 ■ A Igrexa: o pobo da Nova Alianza

O día de Pentecoste, o Espírito Santo descende sobre os apóstolos: aí nace a Igrexa. Ela será o novo Pobo de Israel, con quen Deus establece esa Alianza Nova.

### ■ A Igrexa vive a unión con Deus e cos homes.

Deus por medio de Cristo	A Igrexa
•	•
•	•



- *Que todos sexan un, coma ti, Pai, en min e eu en ti, que tamén eles sexan un en nós.* (Xn 17,21)
- *Que cheguen á perfecta unidade.* (Xn 17,23)
- *Como me amou o Pai, así vos ameí eu, permanecede no meu amor.* (Xn 15,9)

### ■ A Igrexa realiza a reconciliación e a paz universal

Deus, por medio de Cristo	A Igrexa
•	•
•	•



- *El fixo dos dous pobos un só corpo e reconciliounos por medio da cruz, destruindo en si mesmo a inimidade, e coa súa vinda anunciou a paz aos que estabades lonxe e aos que estaban preto.* (Ef 2,16-17)
- *Todo iso de xudeus e gregos, de escravos e libres, de homes e mulleres, todo iso acabou, pois sodes coma un só en Cristo.* (Gál 3,28)

Así a Igrexa, vivindo e realizando a comunión con Deus e cos irmáns, convértese en camiño de salvación para o mundo, instrumento de liberación para todos os homes.

#### ► Completa estas palabras

A Igrexa ha de vivir dentro de si mesma  
e ha de construír no mundo:

P		Z		
	M		R	
	N			N



## Memoria esperta

### Que é a Igrexa

A Igrexa é consciente da grande tarefa que o Señor lle encomendou. Por iso nos invita a todos a amala, a orar por ela e a colaborar para que poida facer realidade o proxecto de Deus.

#### ■ ¿Que significa a palabra 'Igrexa'?



## Mans activas

### Actitudes dos membros da Igrexa

Deus, por medio de Cristo, convócanos na Igrexa: chámamos a ser membros dela. Pero é necesario pensar se de verdade somos bos membros dela.

#### ■ Actitudes ante a Igrexa

- Interese por coñecer a súa historia, os seus personaxes, as súas actividades principais.
- Alegría e agradecemento por ser chamados a pertencer a ela.
- Comprensión ante os seus fallos e limitacións.
- Oración ante o Pai para que sexa fiel á misión que lle confiou.
- Desexo de que todos a coñezan e pertenzan a ela.

#### ■ Actitudes na Igrexa

Actitudes positivas	Actitudes negativas
	<b>A F A S T A D O</b> da amizade con Deus, sen acordarse del, sen querelo, sen comunicarse con El.
	<b>A U S E N T E</b> das actividades da Igrexa: celebracións, reunións, accións de servizo aos pobres.
	<b>I L L A D O</b> dos demais, pechado en si mesmo, sen preocuparse das necesidades do mundo.

▶ ¿Cales destas actitudes están máis presentes na miña vida: as positivas ou as negativas?

▶ ¿Que puntuación merezo?